
# CONCURSO DE CURTAS

# 7 SEGUNDOS




FaCoM FEST 2026

# BASES

Alégranos anunciar, dende o Deparamento de Actividades do Facom Fest, que para esta 5ª edición queda aberto o prazo para presentar as vosas curtas de sete segundos. Sendo o segundo ano consecutivo que o festival opta por organizar este concurso, animámos a todo o estudantado da USC (Universidade de Santiago de Compostela) a que participe neste reto que propoñemos: **contar unha historia, unha relfexión ou idea en só sete segundos**, algo de primeiras imposible, pero que o ano pasado se demostrou que dan para moito!

Con todo, aínda que a **temática é libre**, propoñemos un **pequeno listado de requisitos a cumplir** para que todos e todas podades participar baixo condicións semellantes:

- Para participar, requírese formar parte do **estudantado da USC**.
- A gravación das pezas pódese levar a cabo mediante un **dispositivo móvil** ou unha **cámara**.
- A lingua da peza, no caso de haber diálogo ou monólogo, deberá ser en **galego**.
- A duración das pezas debe ser de **sete segundos**, podendo achegarse aos dez segundos, mais nunca superalos.
- A entrega das pezas deberá realizarse **antes do 20 de novembro ás 14:00**, mediante o envío dende o voso **correo da USC** (@rai.usc.es) ao correo do Departamento de Actividades, **actividades@facomfest.com.**
- O arquivo que entreguedes deberá ir en formato **h.264 ou H.265**, **mp4 ou .mov**, e deberá ir nomeado da seguinte forma: **APELIDOS_NOME_TÍTULO DA PEZA**.

A peza gañadora será anunciada e proxectada na gala do Facom Fest o xoves 26 xunto cun premio sorpresa! Anímamosvos a todos a vir!

O departamento de **Actividades encargaráse de avaliar as piezas** e elixir a obra gañadora. Para iso, seguiremos a seguinte **rúbrica**, coa cal vos poderedes guiar na creación das vosas pezas:

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Orixinalidade na témática** | A temática escollida é producto dun cliché é facilmente predecible. Polo tanto, non consegue ningún tipo de profundidade. | A temática escollida é producto dun cliché e facilmente predecible. Non obstante, consegue crear certa profundidade. | A temática escollida é producto dun cliché, pero non é predecible e consegue crear profundidade. | A temática é esencialmente orixinal, conseguindo non ser predecible e crear profundidade. | A temática escollida é enteiramente orixinal, non semellante a ningunha peza audiovisual. Ten unha profundidade axeitada para a duración establecida e evita clichés. |
| **Narrativa empregada** | A temática escollida é producto dun cliché é facilmente predecible. Polo tanto, non consegue ningún tipo de profundidade. | A escolla da narrativa, ou da non narrativa, está medianamente ben desenvolta, pero non se pode extraer ningún tipo de reflexión. | A escolla da narrativa, ou da non narrativa, é pertinente e pódese extraer unha excueta reflexión. | A escolla da narrativa, ou da non narrativa, foi a doada e pódese extraer reflexión, ou relfexións, que quedan claras grazas a esta decisión. | O xeito escollido para narrar era o óptimo para esta historia, facilitando a súa comprensión e agergándolle peculiaridade. Aporta reflexión, ou reflexións, ben acaídas. |

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Linguaxe visual (composición, iluminación, recursos visuais)** | Os recursos visuais escollidos dificultan a lectura da mensaxe que se quere transmitir. A iluminación e a composición non están traballadas correctamente. Falta de coherencia xeral. | Os recursos visuais están pouco traballados. Nótase pouca preocupación por unha boa iluminación e composición, con algúns pequenos fallos ou desaxustes visibles na coherencia xeral da obra. | Os recursos visuais están correctamente empregados. Boa iluminación e composición na peza. A peza amosa coherencia. | Moi bo emprego dos recursos visuais. A iluminación e a composición están moi coidados e dotan á peza dunha beleza estética. | Excepcional emprego de recursos visuais pertinentes que aportan e complementan á narración. A iluminación e composición aporta significado, potenciando a historia, sendo indispensable para o conxunto da peza. |
| **Son, calidade e efectividade para potenciar a imaxe** | A falta de coidado do son provoca que o espectador se percate deste fallo, dificultando a inmersión na peza. Non foi gravado con ningúnha ferramenta específica. | O son foi gravado cunha ferramenta específica, mais o resultado segue sendo de pouca calidade e/ou irregular ao longo da peza. | O son foi gravado e limpado en postprodución, sendo intelixible. Nótanse algúns problemas de masterización e soamente se usa de xeito convencional. | O son foi gravado e limpado en postprodución, sendo intelixible, claro e de calidade. Úsase de xeito convencional. | É un son limpo e de calidade, xogando cas súas posibilidades (son extradiexético, subxectivo). En definitiva, un uso intelixente do son. |

# FaCoM FEST 2025

